

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE MEDIDAS DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

En novembro de 2016, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade, unha Proposición non de lei pola que se instaba ao Goberno a promover a subscripción dun Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero polo Goberno da Nación, as Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía e a Federación Española de Municipios e Provincias, que siga impulsando políticas para a erradicación da violencia sobre a muller como unha verdadeira política de Estado. Así no seo da Comisión de Igualdade do Congreso, creouse unha Subcomisión que tivo como obxectivo elaborar un informe no que se identificaran e analizaran os problemas que impiden avanzar na erradicación das diferentes formas de violencia de xénero, e no que se incluíran un conxunto de propostas de actuación, entre elas as principais reformas que deben acometerse para dar cumprimento efectivo a ese fin, así como ás recomendacións dos organismos internacionais. O Congreso, na súa sesión plenaria do 28 de setembro de 2017, aprobou o Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

Pola súa parte, a Comisión de Igualdade do Senado decidiu, o 21 de decembro de 2016, a creación dunha Ponencia que estudase e avaliasse, en materia de Violencia de xénero, os aspectos de prevención, protección e reparación das vítimas, analizase a estratexia para alcanzar e implementar un Pacto de Estado contra a Violencia de



xénero e examinase a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro. O 13 de setembro de 2017, o Pleno do Senado aprobou, por unanimidade, o Informe da Ponencia de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero.

Ambos informes conteñen un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller e para mellorar na resposta que, desde as Institucións, se proporciona ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos menores.

En concreto, o Eixo 1 do Pacto de Estado recolle medidas relativas á prevención e á sensibilización fronte a violencia de xénero, prevendo a posta en marcha de accións dirixidas a sensibilizar a toda a sociedade sobre o dano que producen a desigualdade as condutas violentas e a axudar á toma de conciencia sobre a magnitude do problema da violencia contra as mulleres e as consecuencias que ten para a súa vida e a das seus fillos e fillas.

Estas actuacións terán como destinatarios principais a nenos e nenas, a adolescentes e á mocidade, para que interioricen a igualdade como un valor esencial para a convivencia entre mulleres e homes.

O eixe 2 recolle medidas sobre a mellora da resposta institucional ás vítimas de violencia de xénero a través da coordinación e o traballo en rede.

Por outra banda, o Eixo 8 recolle medidas relativas a visualización e atención a outras formas de violencia contra as mulleres, como a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, a violencia sexual a mutilación xenital feminina e os matrimonios forzados. De conformidade co Convenio do Consello de Europa para previr e combater a violencia contra a muller inclúense todos os actos de violencia baseados no xénero que impliquen ou podan implicar para as mulleres danos ou sufrimentos de natureza física, sexual, psicolóxica ou económica, incluídas as ameazas de realizar ditos actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade, na vida pública ou privada.

En ambos eixos a Universidade de Vigo se atopa en condicións de levar a cabo medidas concretas, segundo se recolle no obxecto do presente Convenio, pois trátase dunha institución de dereito público a quen lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo.

Conta ademais coa **Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX)**, encargada de implementar o compromiso da Universidade de Vigo coa sociedade na consecución da igualdade real entre homes e mulleres. Con este convenio preténdese afondar na realización das medidas realizadas no ano 2021 así como a posta en marcha doutras



de especial relevancia e cunha dimensión estrutural na prevención e loita contra a violencia de xénero.

A data de inicio da colaboración coa Universidade de Vigo para o desenvolvemento das Medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero foi o ano 2019.

Por todo o exposto, a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría xeral da Igualdade estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Universidade de Vigo para o financiamento das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero que figuran no dito Convenio.

- Medidas 3, 4, 9, 15, 20, 24, 26, 33, 87 e 254 do documento refundido de Medidas do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

